

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Orde do 29 de marzo de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a mellora da competitividade do tecido empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia mediante o apoio á creación e consolidación dos clusters empresariais galegos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011 (código de procedemento IN540A).

Os grandes cambios producidos no contorno empresarial e, en especial, o fenómeno da globalización, provocaron que desde as distintas administracións públicas se planearan políticas industriais para a mellora da competitividade das pequenas e medianas empresas, que constitúen a armazón empresarial de moitas áreas xeográficas.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía e Industria, vén apostando nos últimos anos por unha política de creación e consolidación de clusters empresariais, como instrumento de impulso daquelas accións que poidan xerar unha mellora da vantaxe competitiva das empresas que, pola súa vez, supoñan unha mellora da competitividade da Comunidade Autónoma galega.

Esta política de clusters está baseada na máis ampla cooperación interempresarial como medio para fortalecer a competitividade do tecido empresarial galego. Esta cooperación configúrase como un elemento estratéxico para reforzar os clusters, involucrando os empresarios da actividade principal e das actividades de subministración e apoio, os centros de investigación e as administracións públicas, e estruturándose como foros explícitos de debate e actuación, en que afrontar e resolver problemas comúns, e avanzar na mellora da calidade, a innovación, o proceso tecnolóxico e a formación.

O apoio ao fortalecemento dos clusters constitúe un medio para paliar as consecuencias que certas deficiencias de mercado, relacionadas con problemas de tamaño e coordinación, teñen sobre as posibilidades das empresas de relacionarse entre si, establecer fluxos de coñecemento e acadar a masa crítica suficiente para desenvolver proxectos innovadores que melloren a súa competitividade.

Como acción integrante desta política de creación e consolidación de clusters empresariais, o ano pasado publicouse por primeira vez unha convocatoria de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, dirixida aos clusters empresariais galegos e na cal se articularon catro liñas de axuda: a liña de reforzamento para os a mellora competitiva dos conglomerados empresariais galegos, a liña de formación para a mellora da capacitación do seu capital humano, a liña de bolseiros para a capacitación de novo capital humano para os ditos conglomerados e a liña de fun-

cionamiento para o financiamento de parte dos custos do persoal propio do clúster. Nesta convocatoria subvencionáronse actuacións dun total de dezaioito clusters empresariais galegos, aos cales están adheridas preto de 2.500 empresas, que aglutinan máis de 100.000 empregados.

Con esta acción de fomento procúrase a eficiencia no uso dos recursos públicos, mediante o cofinanciamento de actuacións desenvolvidas polos clusters, o que implica un beneficio para o conxunto das empresas pertencentes ao seu conglomerado empresarial. Neste sentido, e dada a importante acollida da pasada convocatoria, entendemos que hai que darlle continuidade a esta acción neste exercicio, potenciando non só a consolidación dos clusters xa constituídos senón tamén a creación de novos clusters empresariais representativos de novas cadeas económicas ou conglomerados empresariais da nosa comunidade autónoma.

De conformidade co exposto, esta orde diríxese, por unha banda, aos clusters empresariais galegos xa constituídos, que poderán optar novamente a dúas das liñas xa convocadas o ano pasado (reforzamento e formación) e, por outra, ás entidades promotoras de novos clusters empresariais galegos, que poderán optar soamente á nova liña de constitución.

En virtude do exposto, e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Convocatoria e bases reguladoras.

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases, que se inclúen como anexo I, polas que se rexerá a concesión das subvencións da Consellería de Economía e Industria para a mellora da competitividade do tecido empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia mediante o apoio á creación e consolidación dos clusters empresariais galegos.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas subvencións para o ano 2011.

Artigo 2º.-Solicitudes.

1. Para poder ser beneficiario das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta orde, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 4º das bases reguladoras.

2. Os formularios normalizados de solicitude de subvención regulados nesta orde deberaos obter, cubrir, validar e imprimir necesariamente o solicitante a través da aplicación informática Axudas virtual (procedemento IN540A), dispoñible no enderezo da internet <https://axudasindustria.xunta.es/att>

Tamén se pode acceder, na oficina virtual desta consellería, sita no enderezo da internet <http://economiaeindustria.xunta.es> e no enderezo <http://www.xunta.es/presentacion-electronica-da-xunta-de-galicia>, facendo uso do enlace dispoñible co procedemento IN540A.

Para cubrir correctamente os formularios de solicitude, no citado enderezo da internet disporase de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polos solicitantes.

O prazo para iniciar solicitudes a través da aplicación informática remata 24 horas antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes sinalado no punto 3 deste artigo.

En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, poderán dirixirse á Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas a través dos medios sinalados no artigo 4º.

A presentación de solicitudes farase por vía escrita (en soporte papel) ou en formato electrónico ante o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, logo de obter e cubrir os formularios de acordo co previsto neste artigo.

3. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

As solicitudes en formato papel presentaranse preferentemente no Rexistro da Xunta de Galicia, así como nos de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se subscribise o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes tamén se poderán presentar en formato electrónico, en vez de en papel, ante o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, mediante sinatura electrónica do/a representante legal do solicitante ou persoa que o/a representa e cando non sexa preciso achegar ningunha documentación en papel, tendo que cumprir os seguintes requisitos:

-O presentador deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 recoñecido pola plataforma de validación e sinatura electrónica @firma. Os prestadores recoñecidos son: DNI electrónico, Camerfirma, Izenpe, CATCert (Axencia Catalá de Certificación), Anfac, SCR (Servizo de Certificación dos Rexistradores), ACA, ACCV (Autoridade de Certificación da Comunidade Valenciana), Ancert (Axencia Notarial de Certificación), FNMT (Fábrica Nacional de Moeda e Timbre), Firmaprofesional e Banesto, C.A.

-Xunto cos formularios de solicitude, deberá anexarse en formato electrónico a documentación á que fai referencia o artigo 4º.2 das bases reguladoras. Para isto, no proceso de formalización telemática

permitiranse anexar á solicitude os arquivos informáticos necesarios (preferentemente en formato PDF e cun tamaño máximo de 7MB por arquivo). No caso de presentación telemática, unha vez asinados co certificado dixital do presentador os formularios normalizados, procederase á transferencia telemática da dita documentación ao Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, creado polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño. Unha vez completado o proceso de transferencia telemática, efectuarase a anotación correspondente no rexistro de entrada, e nese momento expedirase, empregando as características da aplicación telemática, un recibo no cal quedará constancia do feito da presentación.

4. A Consellería de Economía e Industria velará polos datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento, e para eses efectos procederase á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exixencias da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e adoptaranse tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

A finalidade da recolla e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tratamento do expediente correspondente e as que deriven da aplicación da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros, no entanto, a Consellería de Economía e Industria revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso.

Decláranse recoñecidos e poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito á Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, edificio administrativo San Caetano s/n, bloque 5, 4º andar, 15781 Santiago de Compostela, indicando no sobre ou no asunto do escrito «Dereitos LOPD-Procedemento IN540A».

Artigo 3º.-*Prazo de duración do procedemento de concesión.*

Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, que non poderá ter unha duración superior a seis meses.

Artigo 4º.-*Información aos interesados.*

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código IN540A, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da consellería:

<http://economiaeindustria.xunta.es>

b) Os teléfonos da devandita dirección xeral: 981 54 43 88, 981 54 55 76 ou 981 54 55 72.

c) O enderezo electrónico:

cei.dxiem.axudascluster@xunta.es.

d) Presencialmente.

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia, que é o 012 (desde o resto do Estado: 902 12 00 12).

Disposicións derradeiras

Primeira.-*Habilitación para o desenvolvemento.*

Facúltase o director xeral de Industria, Enerxía e Minas para que dite as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-*Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2011.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a mellora da competitividade do tecido empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia mediante o apoio á creación e consolidación dos clústers empresariais galegos

Artigo 1º.-*Obxecto e réxime das subvencións.*

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto as tres seguintes liñas: reforzamento, formación e constitución.

2. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, e terase en conta o seguinte:

-Con respecto ás dúas primeiras liñas de axudas, reforzamento e formación, o dito procedemento quedará suxeito ao Regulamento (CE) 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado (DOUE L214, do 9 de agosto), denominado Regulamento xeral de exención por categorías.

-Con respecto á terceira liña de axudas, Constitución, o dito procedemento quedará suxeito ao Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado ás axudas *de minimis* (DOUE L379, do 28 de decembro), ao Regulamento (CE) 875/2007, da Comisión, do 24 de xullo, relativo á aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado CE ás axudas *de minimis* no sector pesqueiro e que modifica o Regulamento (CE) 1860/2004 (DOUE L193, do 25 de xullo) e ao Regulamento (CE) 1535/2007 da Comisión, do 20 de decembro, relativo á aplicación dos

artigos 87º e 88º do Tratado CE ás axudas *de minimis* no sector da produción de produtos agrícolas (DOUE L337, do 21 de decembro).

3. Consideraranse actuacións e gastos subvencionables dentro de cada liña de axuda as recollidas nas seguintes epígrafes 3.1, 3.2 e 3.3.

3.1. Liña de reforzamento.

Esta liña de axuda quedará suxeita ao artigo 26º axudas ás pemes para servizos de consultoría do Regulamento xeral de exención por categorías.

Dentro desta liña consideraranse subvencionables os servizos de consultoría, contratados polo clúster e prestados por consultores externos, que teñan por finalidade procurar a mellora competitiva do conglomerado empresarial que represente o clúster. Estes servizos poderán estar dirixidos:

-Directamente ao clúster, caso en que terán unha repercusión sobre o conxunto do conglomerado empresarial, e poderán consistir en: elaboración ou reformulación dos plans estratéxicos, elaboración e desenvolvemento de plans ou estudos de dinamización, comunicación, potenciación, benchmarking, cooperación, etc.

-Ao clúster en colaboración con empresas adheridas a el, que deberán ter a categoría de pequena ou mediana empresa (peme), e poderán consistir en: elaboración, programación e implementación de accións para a mellora das distintas áreas funcionais das empresas participantes (aprovisionamento, produción, loxística, recursos humanos, financeira, etc). Nesta modalidade, para a consideración de peme observárase o disposto no anexo I do citado Regulamento xeral de exención por categorías.

Consideraranse subvencionables os custos dos ditos servizos, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

-Deberán realizarse dentro do período comprendido entre a data de presentación da solicitude de subvención e a data límite de xustificación establecida no artigo 16º.

-Non poderán consistir en actividades permanentes ou periódicas, nin estarán relacionados cos gastos de explotación normais, como son os servizos rutineiros de asesoría fiscal, os servizos xurídicos periódicos ou os de publicidade.

-Non poderán corresponder a servizos de consultoría relacionados con internacionalización ou exportación.

3.2. Liña de formación.

Esta liña de axuda quedará suxeita á sección 8 Axudas á formación, no que respecta á formación xeral, do Regulamento xeral de exención por categorías.

Dentro desta liña consideraranse subvencionables aquelas accións formativas desenvolvidas ou contratadas polo clúster, que teñan por finalidade procurar a

mellora da capacitación do capital humano pertencente ao conglomerado empresarial que represente o clúster.

Dentro destas accións formativas consideraranse como gastos subvencionables, sempre que fosen realizados dentro do período comprendido entre a data de presentación da solicitude de subvención e a data límite de xustificación establecida no artigo 16º, os seguintes custos:

-Custos de persoal docente.

-Gastos de desprazamento do persoal docente, incluído o aloxamento.

-Outros gastos correntes tales como materiais e subministracións vinculados directamente á acción formativa.

-Amortización de instrumentos e equipamentos en proporción á súa utilización exclusiva para a acción formativa.

-Custos de servizos de asesoría en relación coa acción formativa.

-Custos indirectos xerais (gastos administrativos, alugueres, gastos xerais) ata o importe equivalente ao dos demais custos subvencionables.

3.3. Liña de constitución.

Esta liña de axuda quedará suxeita ao Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado ás axudas *de minimis*, ao Regulamento (CE) 875/2007 da Comisión, do 24 de xullo, relativo á aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado CE ás axudas *de minimis* no sector pesqueiro e que modifica o Regulamento (CE) 1860/2004, e ao Regulamento (CE) 1535/2007 da Comisión, do 20 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado CE ás axudas *de minimis* no sector da produción de produtos agrícolas.

Dentro desta liña consideraranse subvencionables aquelas accións desenvolvidas ou contratadas pola entidade promotora dun novo clúster empresarial galego durante o proceso de constitución deste. Este proceso deberá ter como principais obxectivos os seguintes:

-Constituír formalmente o clúster en que se aglutinen as empresas relacionadas coas actividades empresariais que conforman a súa cadea de valor ou conglomerado empresarial.

-Obter un plan director de actuacións para o dito clúster que conteña a análise e diagnóstico estratéxico das actividades empresariais relacionadas en Galicia, os factores clave e uns programas de actuacións estratéxicas, nos cales se detallarán de forma priorizada as principais accións que desenvolverá no futuro o clúster.

-Xerar unha dinámica de cooperación entre as actividades integrantes da cadea económica ou conglomerado empresarial, para favorecer a súa mellora competitiva e, por conseguinte, a xeración de riqueza, valor e emprego en todo o territorio galego.

Dentro destas accións consideraranse como gastos subvencionables, sempre que fosen realizados dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2011 e a data de xustificación establecida no artigo 16º, os seguintes custos:

-Custos de colaboracións externas (servizos de consultoría prestados por consultores externos).

-Custos de desenvolvemento: externos (gastos de comunicación e promoción, gastos xurídicos de constitución, etc.) e internos (gastos de persoal directamente involucrado no proxecto, gastos administrativos, etc.). O seu importe non poderá superar o 30% do custo total do proxecto.

4. Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 12.000 euros no suposto de prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o presten.

A elección entre as ofertas presentadas, que se deberán achegar na xustificación, realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, e deberase xustificar expresamente na memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Artigo 2º.-Financiamento e concorrencia.

1. As subvencións que se establezan para as actuacións obxecto desta orde serán con cargo á aplicación orzamentaria 08.04.741A.781.0 achegas para asociacións e clústers, cun importe máximo de 2.557.688 €, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo coa orde de prelación de solicitantes que resulte da aplicación dos criterios do artigo 9º.

2. Nas seguintes epígrafes 2.1, 2.2 e 2.3 indícase, para cada liña de axuda, a contía da subvención e a intensidade máxima de axuda.

A intensidade máxima de axuda reflicte a porcentaxe máxima de subvención, definida en equivalente en subvención bruta, que se pode obter para os mesmos gastos subvencionables, despois de sumar todas as axudas ou subvencións procedentes de calquera Administración ou calquera dos seus organismos, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

2.1. Liña de reforzamento.

A subvención poderá acadar ata o 50% dos custos subvencionables, e esta porcentaxe será a intensidade máxima de axuda.

Estas axudas non se acumularán con ningunha outra axuda exenta en virtude do Regulamento xeral de exención por categorías ou con ningunha axuda *de minimis* que reúna as condicións establecidas no Regulamento (CE) 1998/2006, nin con ningún outro

financiamento comunitario correspondente (parcial ou totalmente) para os mesmos custos subvencionables, se tal acumulación supera a intensidade máis elevada ou o maior importe de axuda aplicable á dita axuda en virtude da aplicación do Regulamento xeral de exención por categorías.

2.2. Liña de formación.

A subvención poderá acadar ata o 60% dos custos subvencionables, e esta porcentaxe será a intensidade máxima de axuda.

Estas axudas non se acumularán con ningunha outra axuda exenta en virtude do Regulamento xeral de exención por categorías ou con ningunha axuda *de minimis* que reúna as condicións establecidas no Regulamento (CE) 1998/2006, nin con ningún outro financiamento comunitario correspondente (parcial ou totalmente) para os mesmos custos subvencionables, se tal acumulación supera a intensidade máis elevada ou o maior importe de axuda aplicable á dita axuda en virtude da aplicación do Regulamento xeral de exención por categorías.

2.3. Liña de constitución.

A subvención poderá acadar ata o 100% dos custos subvencionables, e esta porcentaxe será a intensidade máxima de axuda, e o importe da subvención estará limitado a 100.000 € por beneficiario.

Así mesmo, observarase o disposto nos regulamentos de axudas *de minimis* a que está suxeita esta liña, en relación co límite da axuda:

-A axuda total *de minimis* concedida a un clúster determinado non será superior a 200.000 € durante calquera período de tres exercicios fiscais.

-A axuda total *de minimis* concedida a un clúster que opere no sector do transporte por estrada non será superior a 100.000 € durante calquera período de tres exercicios fiscais.

-A axuda total *de minimis* concedida a un clúster que opere no sector pesqueiro non será superior a 30.000 € durante calquera período de tres exercicios fiscais.

-A axuda total *de minimis* concedida a un clúster que opere no sector da produción de produtos agrícolas non será superior a 7.500 € durante calquera período de tres exercicios fiscais.

A axuda *de minimis* non se acumulará con ningunha axuda estatal, correspondente aos mesmos gastos subvencionables, se a dita acumulación dá lugar a unha intensidade de axuda superior á establecida para as circunstancias concretas de cada caso nun regulamento de exención por categorías ou nunha decisión adoptada pola Comisión.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

1. Para as liñas de reforzamento e formación poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, os clústers empresariais galegos.

Para estes efectos considerarase clúster empresarial galego calquera entidade asociativa sen ánimo de lucro e legalmente constituída, que cumpra os seguintes requisitos:

-Representar unha cadea económica ou conglomerado empresarial galego pertencente aos sectores industriais e de servizos a que se refire o artigo 3º da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, sen prexuízo do establecido pola lexislación comunitaria.

-Estar configurado como unha concentración de empresas representativas dos diferentes elos que conforman a dita cadea económica ou conglomerado empresarial que abrangue a totalidade do ámbito territorial galego.

-Actuar de forma conxunta, potenciando as relacións e interconexións máis alá das estritamente contractuais, para lograr melloras de competitividade de individuais.

-Operar nunha mesma cadea de valor con intereses comúns, xa sexan mesmos clientes, mesmo campo de actuación, mesmo produto, mesmos procesos, necesidade de compartir coñecementos, etc.

-Respectar a autonomía das empresas e, en cooperación, construír recursos, capacidades e competencias que de forma individual non poderían acadar, mellorando o atractivo do territorio en que se sitúan para o desenvolvemento futuro das actividades produtivas.

-Dispoñer dunha razón social identificativa do clúster (debe incluír a palabra clúster e as referencias ao ámbito territorial galego e ao conglomerado empresarial que representa) e duns estatutos dos cales se desprenda o seu funcionamento como clúster (debe inferirse o cumprimento dos anteriores requisitos).

Non obstante o anterior, terán a consideración de clúster empresarial galego todas as entidades que foron beneficiarias de subvención ao abeiro da Orde do 23 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, aos clústers empresariais galegos para a mellora da competitividade do tecido empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (código de procedemento IN540A).

En todo caso, de acordo co establecido no Regulamento xeral de exención por categorías, para a liña de axuda de reforzamento, quedarán excluídos os clústers que representen a cadeas económicas ou conglomerados empresariais que abranguen as seguintes actividades:

-Actividades nos sectores da pesca e a acuicultura.

-Actividades de produción primaria de produtos agrícolas.

-Actividades no sector do carbón.

Ademais, para ambas as liñas de axuda (reforzamento e formación) e de acordo co exixido nos pun-

toss 6.a) e 6.c) do artigo 1º do Regulamento xeral de exención por categorías:

-Non poderán ter a consideración de beneficiario aqueles solicitantes que estean suxeitos a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión que tivese declarado unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

-As entidades beneficiarias non poderán ter a consideración de empresa en crise. Para estes efectos, o beneficiario terá a consideración de empresa en crise se cumpre as condicións establecidas no número 7 do artigo 1º do dito regulamento.

2. Para a liña de constitución poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, as entidades que promovan a constitución dun novo clúster empresarial galego, naquelas cadeas económicas ou conglomerados empresariais que non estean representados por un clúster empresarial galego xa constituído.

Para estes efectos considerárase entidade promotora dun novo clúster empresarial galego calquera entidade asociativa sen ánimo de lucro, legalmente constituída, de carácter privado e ámbito galego, de cuxa denominación e estatutos se poida deducir a súa pertenza e representatividade dentro da cadea económica ou conglomerado empresarial arredor do que se constituirá o novo clúster empresarial galego.

Ademais, consonte o disposto no artigo 1º h) do Regulamento (CE) 1998/2006, no artigo 1.f) do Regulamento 875/2007 e no artigo 1º d) do Regulamento 1535/2007, os beneficiarios non poderán ter a consideración de empresa en crise.

Artigo 4º.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e prazo que se indica no artigo 2º da convocatoria.

2. Xunto coa solicitude deberá presentarse a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada, cando a presentación da solicitude se faga por vía escrita) ou anexarse en formato electrónico (cando a presentación da solicitude se faga en formato electrónico):

a) Acta e estatutos de constitución e modificacións posteriores, se é o caso, e acreditación da súa inscrición no rexistro correspondente, así como o código de identificación fiscal.

b) Poder suficiente do representante da entidade solicitante, acompañado do seu documento nacional de identidade.

Alternativamente á presentación do DNI, a persoa representante poderá dar o seu consentimento para que o órgano instructor comprobe os seus datos de carácter persoal, por medio de conexión telemática co servizo horizontal de acceso aos sistemas de verificación de datos de identidade e de residencia do Ministerio de Administracións Públicas, de acordo co disposto nos artigos 2º.2 e 3º.2 do Decreto 255/2008, do 23 de outo-

bro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

c) Datos da entidade solicitante (modelo normalizado do anexo III).

d) Memoria e orzamento de cada unha das actuacións para as que se solicita subvención, que segundo a liña de axuda a que pertenza deberá incluír o seguinte (modelo normalizado do anexo IV):

Liña de reforzamento.

-Descrición, obxectivos e calendario de realización dos servizos de consultoría.

-Xustificación da súa necesidade e da súa viabilidade técnico-económica.

-Explicación do seu carácter innovador dentro do conglomerado empresarial.

-Indicarase se os servizos de consultoría están dirixidos directamente ao clúster ou ao clúster en colaboración con pemes adheridas a el, caso en que se incluírá a súa relación (razón social, CIF, localización e categoría empresa).

-O custo de servizos de consultoría prestados por consultores externos.

Liña de formación.

-Descrición, obxectivos e calendario de realización da acción formativa.

-Xustificación da súa necesidade e da súa viabilidade técnico-económica.

-Explicación do seu carácter innovador dentro do conglomerado empresarial.

-Relación de custos considerados subvencionables, segundo o establecido no artigo 1º.3.

-Número de empregados do conglomerado empresarial e número de empresas deste beneficiarios da acción formativa.

-Custo por empresa (custo subvencionable/nº empresas beneficiarias) e custo por empregado (custo subvencionable/nº empregados beneficiarios).

Liña de constitución.

-Descrición, obxectivos e calendario de realización de cada unha das fases que conforman o proceso de constitución do novo clúster.

-Xustificación da necesidade de constituír o novo clúster empresarial.

-Relación de custos considerados subvencionables, segundo o establecido no artigo 1º.3.

e) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modelo normalizado do anexo V).

f) Para cada unha das actuacións, declaración expresa sobre a concesión ou solicitude doutras axudas ou

subvencións para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou calquera dos seus organismos, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais (modelo normalizado do anexo VI).

g) Para as liñas de reforzamento e formación, declaración responsable de non atoparse en ningún dos supostos de exclusión dos puntos 6.a) e 6.c) do artigo 1º do Regulamento xeral de exención por categorías, e para a liña de constitución, declaración responsable de non ter a consideración de empresa en crise (modelo normalizado do anexo VII).

h) Para a liña de constitución, declaración expresa sobre a concesión ou solicitude nos últimos tres anos doutras axudas ou subvencións, amparadas pola cláusula *de minimis*, procedentes de calquera Administración ou calquera dos seus organismos, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais (modelo normalizado do anexo VIII).

i) Dentro da liña de reforzamento e para cada unha das actuacións dirixidas ao clúster en colaboración con pemes, declaración expresa de que estas empresas están adheridas ao clúster e teñen categoría de peme (modelo normalizado do anexo IX).

j) Declaración de compromiso de utilización da lingua galega (modelo normalizado do anexo X).

k) No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.

l) Certificacións expedidas polos organismos competentes, acreditativas de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, no caso de que o solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio estas certificacións.

Artigo 5º.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

2. De conformidade co disposto no artigo 20º.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión da subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Non obstante, o solicitante poderá denegar o consentimento, facéndoo constar expresamente no formulario de solicitude, e deberá presentar, entón, as certificacións a que fai referencia este punto.

De conformidade co artigo 20º.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as solicitudes dos interesados irán acompañadas dos documentos e das informacións determinadas na norma ou convocatoria, salvo que os documentos exixidos xa

estivesen en poder de calquera órgano da Administración actuante; neste caso o solicitante poderá acollerse ao establecido na alínea f) do artigo 35º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponda.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos.

4. De conformidade co artigo 13º.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das subvencións concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

Artigo 6º.-*Órganos competentes.*

A Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión das subvencións, e correspóndelle ao conselleiro de Economía e Industria ditar a resolución da concesión.

Artigo 7º.-*Instrución do procedemento.*

1. De conformidade co establecido no artigo 71º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, terase por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución.

Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 5º.2 resulta que o solicitante non está ao día no pagamento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, ou no suposto de que sexa necesario achegar calquera outra

documentación, logo de aplicarse o disposto na alínea f) do artigo 35º da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse o solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.

4. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

Artigo 8º.-*Comisión de valoración.*

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

a) Presidente: o director xeral de Industria, Enerxía e Minas.

b) Vogais: un/unha subdirector/a xeral, un/unha xefe/a de servizo e un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, actuando este último como secretario.

c) Poderá estar asistida polo persoal técnico que se considere necesario.

3. Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán, de xeito individualizado, os solicitantes propostos para obter a subvención, e especificarase a avaliación que lle corresponde segundo os criterios recollidos no artigo seguinte. Así mesmo, indicaranse, para cada un deles, as actuacións subvencionables e o importe da subvención, ata esgotar o crédito dispoñible.

4. O resto das actuacións subvencionables quedarán en reserva para seren atendidas, ben co crédito que quedase libre de producirse algunha renuncia ou modificación nas actuacións inicialmente subvencionadas, ben co incremento dos créditos orzamentarios destinados a estas subvencións. Para estes efectos, poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

Artigo 9º.-*Criterios de valoración.*

1. Cada unha das tres liñas de axuda será avaliada de forma independente, e deberase confeccionar, en consecuencia, unha orde de prelación para as actuacións pertencentes a cada unha delas.

No caso de empates entre actuacións dunha mesma liña de axuda, elixiranse as que obtivesen unha

maior puntuación no criterio de valoración máis ponderado, seguindo a orde decrecente.

Co obxecto de poder atender actuacións de todos os solicitantes e, así mesmo, poder outorgarles a porcentaxe máxima de subvención para garantir o seu desenvolvemento, a comisión de valoración poderá:

-Fixar un número máximo de actuacións que serán subvencionadas dentro de cada liña de axuda para un mesmo beneficiario.

-Limitar o custo máximo que se subvencionará naquelas actuacións que teñan un custo significativo respecto das dispoñibilidades orzamentarias desta convocatoria.

2. Para as liñas de reforzamento e formación os criterios de valoración que servirán de base para a determinación da preferencia das actuacións consideradas subvencionables e da contía da subvención, por orde decrecente de importancia, serán os seguintes:

a) A tipoloxía da actuación (máximo 40 puntos). Neste criterio valorarase:

Liña de reforzamento:

-O nivel de definición, claridade e precisión da memoria da actuación (servizos de consultoría), en cada unha das súas epígrafes (máximo 20 puntos).

-A súa necesidade e o carácter innovador dentro do conglomerado empresarial (máximo 20 puntos).

Liña de formación:

-O nivel de definición, claridade e precisión da memoria da actuación (acción formativa), en cada unha das súas epígrafes (máximo 20 puntos).

-A súa necesidade e o carácter innovador dentro do conglomerado empresarial (máximo 20 puntos).

b) A repercusión da actuación (máximo 30 puntos). Neste criterio valorarase:

Liña de reforzamento.

-O maior número de empresas adheridas ao clúster que serán beneficiarias dos servizos de consultoría. De acordo con isto, terán a máxima puntuación os dirixidos directamente ao clúster por teren unha repercusión sobre o conxunto do conglomerado empresarial (máximo 15 puntos).

-O menor valor da relación custo por empresa (máximo 15 puntos).

Liña de formación.

-O maior número de empregados e empresas do conglomerado empresarial que serán beneficiarios da acción formativa (máximo 15 puntos).

-O menor valor das relacións custo por empresa beneficiaria e custo por empregado beneficiario (máximo 15 puntos).

c) O peso específico do conxunto de empresas adheridas ao clúster (máximo 25 puntos). Neste criterio valorarase:

-O maior número de empresas adheridas ao clúster, respecto do conxunto de clústers solicitantes (máximo 10 puntos).

-O maior número de empregados do conxunto das empresas adheridas ao clúster, respecto do conxunto de clústers solicitantes (máximo 10 puntos).

-A maior facturación do conxunto de empresas adheridas ao clúster, respecto do conxunto de clústers solicitantes (máximo 5 puntos).

d) O emprego da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda, de conformidade co disposto na letra l) do artigo 20º.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (máximo 5 puntos).

3. Dentro da liña de constitución, cando máis dunha entidade promotora presente solicitude de subvención para a constitución dun novo clúster empresarial galego nunha mesma cadea económica ou conglomerado empresarial, unicamente aquela que obteña a maior puntuación, conforme os criterios reflectidos no parágrafo seguinte, poderá resultar beneficiaria de subvención.

Os criterios de valoración que servirán de base para a determinación da preferencia das actuacións consideradas subvencionables e da contía da subvención, por orde decrecente de importancia, serán os seguintes:

a) A tipoloxía da actuación (máximo 40 puntos). Neste criterio valorarase:

-O nivel de definición, claridade e precisión da memoria da actuación (proceso de constitución do novo cluster), en cada unha das súas epígrafes (máximo 20 puntos).

-A súa necesidade dentro do conglomerado empresarial (máximo 20 puntos).

b) Representatividade da entidade promotora (máximo 30 puntos). Neste criterio valorarase:

-O maior peso das empresas (número, empregados e facturación) asociadas á entidade promotora que pertencen á cadea económica ou conglomerado empresarial do futuro clúster (máximo 15 puntos).

-O maior número de empresas asociadas ou non á entidade promotora, así como calquera outro tipo de entidades, das que se dispoña de compromiso de adhesión ao futuro clúster (máximo 15 puntos).

c) O peso específico do conglomerado empresarial a que representará o futuro clúster (máximo 25 puntos). Neste criterio valorarase:

-O maior número de empresas do conglomerado empresarial (máximo 10 puntos).

-O maior número de empregados do conglomerado empresarial (máximo 10 puntos).

-A maior facturación do conglomerado empresarial (máximo 5 puntos).

d) O emprego da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda, de conformidade co disposto na letra l) do artigo 20º.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (máximo 5 puntos).

Artigo 10º.-*Audiencia.*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

2. Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 11º.-*Resolución e notificación.*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, a comisión de valoración formulará a proposta de resolución, que se elevará, a través do órgano instrutor, ao conselleiro.

2. O conselleiro, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, a actuación que se subvenciona e o seu custo, así como a subvención concedida e a súa contía, ou, se é o caso, a causa de denegación.

En ningún caso o importe das subvencións concedidas poderá superar o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable legalmente establecido.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de seis meses, contados a partir do día seguinte ao do remate do prazo para a presentación de solicitudes. Se transcorre o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non obstante, e de conformidade co establecido na alínea b) do artigo 59º.6 da indicada lei, no caso das subvencións concedidas poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Economía e Industria. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada.

As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas da desestimación.

Artigo 12º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Economía e Industria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 13º.-*Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou por calquera dos seus organismos, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Poderase acordar a modificación da resolución de concesión, por instancia do beneficiario, sempre que este presente a solicitude de modificación con anterioridade á data de finalización do prazo de xustificación do investimento obxecto da subvención, e se cumpran os seguintes requisitos:

-Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das bases reguladoras.

-Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

-Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da subvención.

3. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo conselleiro de Economía e Industria logo da instrución do correspondente expediente, no cal se lle dará audiencia ao interesado nos termos previstos no artigo 10º.

Artigo 14º.-*Aceptación e renuncia.*

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, transcorridos quince días naturais desde a notificación ou publicación desta sen que o interesado comunicase expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario.

2. A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que se inclúe como anexo XI des-

tas bases reguladoras, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, o conselleiro ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42º.1 da mesma lei.

Artigo 15º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

a) Executar as actuacións que fundamenten a concesión da subvención.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización das actuacións e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que serán efectuadas polo órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación de fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 15º.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Estas medidas deberán adecuarse ao obxecto subvencionado, tanto na súa forma como na súa duración, e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas, material impreso, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

h) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 33º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 16º.-*Xustificación da subvención.*

1. Para cobrar a subvención concedida, o beneficiario deberá presentar nos lugares sinalados no artigo 2º da convocatoria, ata o 30 de novembro de 2011 (inclusive), a documentación sinalada nas

seguintes epígrafes, en orixinal ou copia compulsada, para cada unha das actuacións realizadas que foron obxecto de subvención e clasificadas por liña de axuda (reforzamento, formación e constitución):

- a) Memoria explicativa.
- b) Documentación xustificativa do gasto.

Liña de reforzamento:

-Táboa resumo dos gastos: descrición do gasto subvencionable, provedor, importe, data do xustificante do gasto e data do xustificante de pagamento.

-Xustificación dos gastos: facturas correspondentes aos gastos subvencionables.

-Copia dos traballos desenvolvidos.

-A documentación exixida no artigo 1º.4 para aqueles gastos subvencionables que superen os 12.000 €.

Liña de formación.

-Táboa resumo dos gastos: descrición do gasto subvencionable, provedor, importe, data do xustificante do gasto e data do xustificante de pagamento.

-Xustificación dos gastos: facturas correspondentes aos gastos subvencionables.

-Programa detallado de cada curso, duración, persoal docente, número e identificación dos participantes e empresas a que pertencen, indicando se está ou non adherida ao clúster.

-Con respecto aos gastos de servizos de asesoría que superen os 12.000 €, a documentación exixida no artigo 1º.4.

-Ademais, a xustificación dos custos indirectos xerais deberase completar cunha certificación que reflecta o detalle dos gastos imputados e, no caso de incluír gastos de persoal, coas nóminas e TC2 deste persoal referentes aos períodos imputados.

Liña de constitución.

-Táboa resumo dos gastos: descrición do gasto subvencionable, provedor, importe, data do xustificante do gasto e data do xustificante de pagamento.

-Xustificación dos gastos: facturas correspondentes aos gastos subvencionables.

-Copia dos traballos desenvolvidos.

-Con respecto aos custos de colaboracións e de desenvolvemento externos, a documentación exixida no artigo 1º.4 para aqueles gastos subvencionables que superen os 12.000 €.

-Ademais, a xustificación dos custos de desenvolvemento internos deberase completar cunha certificación que reflecta o detalle dos gastos imputados e, no caso de incluír gastos de persoal, coas nóminas e TC2 deste persoal referentes aos períodos imputados.

c) Documentación xustificativa do pagamento:

-Para cada un dos documentos xustificativos de gasto: transferencias bancarias, certificacións bancarias ou extractos bancarios, en que deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, así como o documento xustificativo de gasto obxecto do dito pagamento.

-Non se admitirán como xustificantes de pagamento os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria ou non dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da dita entidade.

d) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Para cada unha das actuacións, declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para as mesmas actuacións subvencionadas, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

f) Para a liña de constitución, declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas nos últimos tres anos, amparadas pola cláusula *de minimis*, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes de resolución, das distintas administracións ou calquera dos seus organismos, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

g) Dentro da liña de reforzamento e para cada unha das actuacións dirixidas ao clúster en colaboración con pemes, declaración expresa de que estas empresas colaboradoras (débense relacionar coa indicación da súa razón social) están adheridas ao clúster e teñen categoría de peme.

h) Certificación expedida pola entidade bancaria na cal se sinala o número de conta do beneficiario onde se deba realizar o pagamento.

i) Certificacións expedidas polos organismos competentes, acreditativas de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, no caso de que o solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio estas certificacións.

2. A documentación xustificativa dos gastos e pagamentos a que se fai referencia nos puntos 1º b) e c) deste artigo deberá axustarse aos períodos establecidos no artigo 1º.3 destas bases reguladoras, para cada liña de axuda.

3. Transcorrido o prazo indicado sen que o beneficiario presentase a documentación solicitada, poderase entender que renuncia á subvención. Neste caso, o conselleiro ditará a oportuna resolución nos termos do artigo 42º.1 da Lei 30/1992, do 26 de

novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Os órganos competentes da Consellería de Economía e Industria poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes. No caso de que non fosen remitidos polo beneficiario dentro do prazo que se sinala, poderá entenderse que renuncia á subvención.

Artigo 17º.-*Pagamento.*

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da consellería, antes de proceder ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento das actuacións subvencionadas.

2. As subvencións minoraranse proporcionalmente se o investimento xustificado é inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución da concesión, sempre que estea garantida a consecución do obxecto. No caso de concorrer con outras axudas, aplicarase o disposto no artigo 2º.2 respecto ás intensidades máximas de axuda.

3. Cada unha das actuacións que foron subvencionadas poderán irse xustificando a medida que se vaian realizando, para os efectos do cobramento da súa subvención, e non terán a consideración de pagamento á conta xa que cada actuación subvencionada ten un obxecto único e independente do resto.

4. Poderán realizarse pagamentos anticipados das subvencións reguladas por estas bases, de acordo co establecido no artigo 31º.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 63º, 65º e 67º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita lei, e no seguinte parágrafo.

Os pagamentos anticipados suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas. Estes pagamentos deberán ser solicitados polo beneficiario, se é o caso, logo da notificación ou publicación da resolución de concesión e na forma e prazo indicados nela, e quedarán suxeitos ás seguintes condicións:

-Para cada unha das tres liñas de axuda reguladas nestas bases (reforzamento, formación e constitución), poderase anticipar ata o 80% do importe da subvención concedida en cada unha delas, por ter sido autorizado polo Consello da Xunta.

-Para cada unha destas tres liñas de axuda, o beneficiario queda exonerado da constitución de garantía, por ter sido autorizado polo Consello da Xunta.

Artigo 18º.-*Incumprimento, reintegros e sancións.*

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases reguladoras seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 19º.-*Control.*

1. A Consellería de Economía e Industria poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, se é o caso, dos servizos da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 20º.-*Publicidade.*

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Malia o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Economía e Industria.

Artigo 21º.-*Remisión normativa.*

Para todo o non previsto nestas bases observarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Regulamento (CE) 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías), no Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado ás axudas *de minimis*, no Regulamento (CE) 875/2007 da Comisión, do 24 de xullo, relativo á aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado CE ás axudas *de minimis* no sector pesqueiro e que modifica o Regulamento (CE) 1860/2004, no Regulamento (CE) 1535/2007 da Comisión, do 20 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado CE ás axudas *de minimis* no sector da produción de produtos agrícolas, e no resto de normativa que resulte de aplicación.



ANEXO II

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA A MELLORA DA COMPETITIVIDADE DO TECIDO EMPRESARIAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA MEDIANTE O APOIO Á CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DOS CLÚSTERS EMPRESARIAIS GALEGOS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN540A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

TIPO DE ENTIDADE SOLICITANTE: <input type="checkbox"/> CLÚSTER EMPRESARIAL GALEGO XA CONSTITUÍDO		<input type="checkbox"/> ENTIDADE PROMOTORA DUN NOVO CLÚSTER EMPRESARIAL GALEGO	
RAZÓN SOCIAL		ANAGRAMA	NIF/CIF
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
PÁXINA WEB	ANO DE CONSTITUCIÓN	CONGLOMERADO EMPRESARIAL A QUE REPRESENTA	

E, na súa representación legal:

APELIDOS	NOME	NIF
----------	------	-----

DATOS DA SOLICITUDE

LIÑA DE AXUDA	CUSTO SUBVENCIONABLE (€)	SUBVENCIÓN SOLICITADA (€)	SUBVENCIÓN SOLICITADA (%)	LÍMITE DA SUBVENCIÓN
A) LIÑA DE REFORZAMENTO				50%
B) LIÑA DE FORMACIÓN				60%
C) LIÑA DE CONSTITUCIÓN				100% (cun límite de 100.000 €)

Autorizo a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas a:

1. Consultar os meus datos persoais a través do sistema de verificación de datos de identidade (artigos 2º.2 e 3º.2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos):

SI NON

2. Obter de forma directa a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social:

SI NON

3. De conformidade co artigo 13º.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44º e 45º da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, así como as sancións impostas, na forma en que determine o órgano competente:

SI NON

En cumprimento do disposto no artigo 5º da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informoo de que os datos persoais recollidos nesta solicitude incorporaranse a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito á Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, edificio administrativo San Caetano s/n, bloque 5, 4º andar, 15781 Santiago de Compostela, indicando no sobre ou no asunto do escrito "Dereitos LOPD-Procedemento IN540A".

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 29 de marzo 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a mellora da competitividade do tecido empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia mediante o apoio á creación e consolidación dos clústers empresariais galegos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011 (código de Procedemento IN540A).

SINATURA DO REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE SOLICITANTE

Lugar e data

, de de 2011

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
	DATA DE ENTRADA
	____/____/____
REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
	____/____/____
	DATA DE SAÍDA
	____/____/____



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
 E INDUSTRIA
 Dirección Xeral de Industria,
 Enerxía e Minas

ANEXO II
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

<i>Documentación</i>	<i>Dispoñible na Administración autonómica</i>		<i>Presentada</i>
	<i>Código procedemento</i>	<i>Ano</i>	
ACTA E ESTATUTOS DE CONSTITUCIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE E, SE É O CASO, MODIFICACIÓNS POSTERIORES.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>
ACREDITACIÓN DA INSCRIPCIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE NO REXISTRO CORRESPONDENTE.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>
TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL (NIF/CIF) DA ENTIDADE SOLICITANTE.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>
PODER SUFICIENTE DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE SOLICITANTE, ACOMPAÑADO DO SEU DNI.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>
DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE (anexo III dos formularios de solicitude).			<input type="checkbox"/>
MEMORIA E ORZAMENTO DE CADA UNHA DAS ACTUACIÓNS PARA AS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN (anexo IV dos formularios de solicitude).			<input type="checkbox"/>
DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN NINGUNHA DAS CIRCUNSTANCIAS PREVISTAS NOS PUNTOS 2 E 3 DO ARTIGO 10º DA LEI 9/2007, DO 13 DE XUÑO, DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA (anexo V dos formularios de solicitude).			<input type="checkbox"/>
PARA CADA UNHA DAS TRES LIÑAS DE AXUDA, E DENTRO DELAS PARA CADA ACTUACIÓN, DECLARACIÓN EXPRESA SOBRE A CONCESIÓN OU SOLICITUDE DOUTRAS AXUDAS OU SUBVENCIÓNS PARA A MESMA FINALIDADE, PROCEDENTES DE CALQUERA ADMINISTRACIÓN OU CALQUERA DOS SEUS ENTES PÚBLICOS OU PRIVADOS, NACIONAIS OU INTERNACIONAIS (anexo VI dos formularios de solicitude).			<input type="checkbox"/>
DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON TER A CONSIDERACIÓN DE EMPRESA EN CRISE E/OU DE NON ESTAR SUXEITO A UNHA ORDE DE RECUPERACIÓN PENDENTE TRAS UNHA DECISIÓN PREVIA DA COMISIÓN QUE TIVESE DECLARADO UNHA AXUDA ILEGAL E INCOMPATIBLE CO MERCADO COMÚN (anexo VII dos formularios de solicitude).			<input type="checkbox"/>
PARA A LIÑA DE CONSTITUCIÓN, DECLARACIÓN EXPRESA SOBRE A CONCESIÓN OU SOLICITUDE DOUTRAS AXUDAS OU SUBVENCIÓNS, AMPARADAS POLA CLÁUSULA <i>DE MINIMIS</i> , PROCEDENTES DE CALQUERA ADMINISTRACIÓNS OU CALQUERA DOS SEUS ENTES PÚBLICOS OU PRIVADOS, NACIONAIS OU INTERNACIONAIS (anexo VIII dos formularios de solicitude).			<input type="checkbox"/>
DENTRO DA LIÑA DE REFORZAMENTO E PARA CADA UNHA DAS ACTUACIÓNS DIRIXIDAS AO CLÚSTER EN COLABORACIÓN CON PEMES, DECLARACIÓN EXPRESA DE QUE ESTAS EMPRESAS ESTÁN ADHERIDAS AO CLÚSTER E TEÑEN CATEGORÍA DE PEME (anexo IX dos formularios de solicitude).			<input type="checkbox"/>
DECLARACIÓN RESPONSABLE EN QUE SE COMPROMETE Á UTILIZACIÓN DA LINGUA GALEGA EN TODAS AS RELACIÓNS QUE MANTÉÑA COA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA COMO CONSECUCIÓN DESTA PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO (anexo X dos formularios de solicitude).			<input type="checkbox"/>
NO CASO DE ESTAR EXENTO DO IVE (imposto sobre o valor engadido), DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DESTA EXENCIÓN.			<input type="checkbox"/>



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
 E INDUSTRIA
 Dirección Xeral de Industria,
 Enerxía e Minas

ANEXO III

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

TIPO DE ENTIDADE SOLICITANTE: CLÚSTER EMPRESARIAL GALEGO XA CONSTITUÍDO				
<i>Datos (só se imputarán os correspondentes aos centros produtivos situados na Comunidade Autónoma de Galicia)</i>	<i>Anualidade</i>	<i>Nº empresas</i>	<i>Facturación (€)</i>	<i>Nº empregados</i>
<i>EMPRESAS ADHERIDAS AO CLÚSTER</i>	2009	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	2010	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<p><u>Deberase anexar un documento word coas seguintes epígrafes:</u></p> <p>1. Entidades non empresariais adheridas ao clúster (centros tecnolóxicos, centros de innovación, entidades financeiras, etc.): datos identificativos e resumo da súa actividade.</p> <p>2. Actuación do clúster: áreas estratéxicas de actuación do clúster e actuacións máis relevantes desenvolvidas nestas áreas.</p> <p>3. Conglomerado empresarial: actividades que conforman o conglomerado empresarial a que represente o clúster (actividades principais e actividades complementarias) e elos da cadea económica ausentes no conglomerado ou no clúster.</p>				
<p><u>Deberase anexar un documento excel, coa relación das empresas adheridas ao cluster e cos seguintes campos para cada unha delas:</u></p> <p>1. Razón social.</p> <p>2. CIF.</p> <p>3. Enderezo.</p> <p>4. Código postal.</p> <p>5. Concello.</p> <p>6. Provincia.</p> <p>7. Teléfono.</p> <p>8. Facturación en € (nas anualidades 2009 e 2010).</p> <p>9. Nº de empregados (nas anualidades 2009 e 2010).</p> <p>10. Categoría de empresa (peme ou grande empresa): segundo os criterios establecidos no anexo I do Regulamento xeral de exención por categorías.</p> <p>11. Resumo da súa actividade.</p>				
TIPO DE ENTIDADE SOLICITANTE: ENTIDADE PROMOTORA DUN NOVO CLÚSTER EMPRESARIAL GALEGO				
<i>Datos (só se imputarán os correspondentes aos centros produtivos situados na Comunidade Autónoma de Galicia)</i>	<i>Anualidade</i>	<i>Nº empresas</i>	<i>Facturación (€)</i>	<i>Nº empregados</i>
<i>EMPRESAS ADHERIDAS Á ENTIDADE PROMOTORA</i>	2009	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	2010	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<i>EMPRESAS ADHERIDAS Á ENTIDADE PROMOTORA (pertencentes á cadea económica ou conglomerado empresarial do futuro clúster)</i>	2009	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	2010	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<p><u>Deberase anexar un documento word coas seguintes epígrafes:</u></p> <p>1. Compromisos de adhesión ao cluster: relación das empresas asociadas ou non á entidade promotora, así como calquera outro tipo de entidades, das que se dispoña de compromiso de adhesión ao futuro clúster.</p> <p>2. Actividades que conforman a cadea económica ou conglomerado empresarial a que representará o futuro clúster.</p> <p>3. Datos representativos deste conglomerado empresarial galego: número de empresas, número de empregados e facturación para a anualidade 2009 e 2010.</p>				
<p><u>Deberase anexar un documento excel, coa relación das empresas adheridas á entidade promotora e cos seguintes campos para cada unha delas:</u></p> <p>1. Razón social.</p> <p>2. CIF.</p> <p>3. Enderezo.</p> <p>4. Código postal.</p> <p>5. Concello.</p> <p>6. Provincia.</p> <p>7. Teléfono.</p> <p>8. Facturación en € (nas anualidades 2009 e 2010).</p> <p>9. Nº de empregados (nas anualidades 2009 e 2010).</p> <p>10. Categoría de empresa (peme ou grande empresa): segundo os criterios establecidos no anexo I do Regulamento xeral de exención por categorías.</p> <p>11. Resumo da súa actividade.</p>				



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
 E INDUSTRIA
 Dirección Xeral de Industria,
 Enerxía e Minas

ANEXO IV

LIÑA DE REFORZAMENTO

Nº	Título da actuación	Custo subvencionable (€)	Subvención solicitada (máximo 50%)		Cubrir ficha	Cubrir anexo VI
			%	€		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

FICHA

Título: Nº

Deberase anexar un documento word coas seguintes epígrafes:

1. Título da actuación.
2. Descrición, obxectivos e calendario de realización.
3. Xustificación da súa necesidade e da súa viabilidade técnico-económica.
4. Explicación do seu carácter innovador dentro do conglomerado empresarial.

CUSTO SUBVENCIONABLE (€)	Actuación dirixida
<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> Directamente ao clúster <input type="checkbox"/> Ao cluster en colaboración con pemes

DATOS DAS PEMES COLABORADORAS	Nº de empresas	Cubrir anexo IX
<i>(só para servizos dirixidos ao clúster en colaboración con pemes adheridas a el)</i>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>

Deberase anexar un documento excel, coa relación das pemes colaboradoras e cos seguintes campos para cada unha delas:

1. Razón social.
2. CIF.
3. Concello.
4. Provincia.
5. Categoría de empresa (peme ou grande empresa): segundo os criterios establecidos no anexo I do Regulamento xeral de exención por categorías.

LIÑA DE FORMACIÓN

Nº	Título da acción formativa	Custo subvencionable (€)	Subvención solicitada (máximo 60%)		Cubrir ficha	Cubrir anexo VI
			%	€		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

FICHA

Título: Nº

Deberase anexar un documento word coas seguintes epígrafes:

1. Título da acción formativa.
2. Descrición, obxectivos e calendario de realización.
3. Xustificación da súa necesidade e da súa viabilidade técnico-económica.
4. Explicación do seu carácter innovador dentro do conglomerado empresarial.

CUSTO SUBVENCIONABLE (€)	Tipo de gasto	Importe (€)
	CUSTOS DIRECTOS: Custos de persoal docente, gastos de desprazamento do persoal docente, incluído aloxamento, outros gastos correntes tales como materiais e subministracións vinculadas directamente á acción formativa, amortización de instrumentos e equipamentos en proporción á súa utilización exclusiva para a acción formativa ou custos de servizos de asesoría en relación coa acción formativa.	<input type="text"/>
	CUSTOS INDIRECTOS XERAIS (ata o importe equivalente ao dos custos directos): gastos administrativos, alugueres ou gastos xerais	<input type="text"/>
	Total	<input type="text"/>

BENEFICIOS PARA O CONGLOMERADO EMPRESARIAL

Nº de empregados que asistirán á acción formativa	Nº de empresas, cuxos empregados asistirán á acción formativa	Custo por empresa (custo subvencionable / nº de empresas beneficiarias)	Custo por empregado (custo subvencionable / nº de empregados beneficiarios)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
 E INDUSTRIA
 Dirección Xeral de Industria,
 Enerxía e Minas

ANEXO IV
(continuación)

LIÑA DE CONSTITUCIÓN

PROCESO DE CONSTITUCIÓN DUN NOVO CLÚSTER EMPRESARIAL GALEGO				
<i>Deberase anexar un documento word coas seguintes epígrafes:</i>				
1. Descrición, obxectivos e calendario de realización de cada unha das fases que conforman o proceso de constitución do novo clúster.				
2. Xustificación da necesidade da constitución do novo cluster.				
CUSTO SUBVENCIONABLE (€)	Tipo de gasto		Importe (€)	Cubrir anexo VI
	CUSTOS DE COLABORACIÓN EXTERNA	Servizos de consultoría prestados por consultores externos		
	CUSTOS DE DESENVOLVEMENTO (ata o 30% do custo total do proxecto)	Externos (gastos de comunicación e promoción, gastos xurídicos de constitución, etc)		
		Internos (gastos de persoal directamente involucrado no proxecto, gastos administrativos, etc)		<input type="checkbox"/>
	Total			

ANEXO V

DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO EN NINGUNHA DAS CIRCUNSTANCIAS PREVISTAS NOS PUNTOS 2 E 3 DO ARTIGO 10º DA LEI 9/2007, DO 13 DE XUÑO, DE SUBVENCIONS DE GALICIA

D/Dª	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>
ACTUANDO EN NOME E REPRESENTACIÓN DE	
<input type="text"/>	
DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:	
Que a entidade <input type="text"/>	
non se atopa incursa en ningunha das circunstancias previstas nos números 2 e 3 do artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencions de Galicia.	
E, para que así conste, asino esta declaración responsable no lugar e data indicados abaixo.	
_____, de _____ de 2011	
<i>(Sinatura e selo da entidade)</i>	

ANEXO VI

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS OBTIDAS OU SOLICITADAS PARA A MESMA FINALIDADE

D/D ²				NIF	
ACTUANDO EN NOME E REPRESENTACIÓN DE					
DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:					
Que con respecto á actuación titulada					
para a que se solicita subvención ao abeiro do procedemento IN540A (axudas para a mellora da competitividade do tecido empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia mediante o apoio á creación e consolidación dos clústers empresariais galegos) na súa convocatoria para o ano 2011, a entidade					
<input type="checkbox"/> Non solicitou outras axudas. <input type="checkbox"/> Solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:					
Axudas	Organismo	Importe (€)	% (sobre o investimento)	Disposición reguladora	
Concedidas					
Solicitadas					
Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións ou de calquera dos seus organismos, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.					
E, para que así conste, asino esta declaración responsable no lugar e data indicados abaixo.					
, de de 2011					
<i>(Sinatura e selo da entidade)</i>					

Deberase cubrir este anexo para cada unha das actuacións para as que se solicita subvención.

ANEXO VII

DECLARACIÓN DE NON TER A CONSIDERACIÓN DE EMPRESA EN CRISE E/OU DE NON ESTAR SUXEITO A UNHA ORDE DE RECUPERACIÓN PENDENTE TRAS UNHA DECISIÓN PREVIA DA COMISIÓN QUE TIVESE DECLARADO UNHA AXUDA ILEGAL E INCOMPATIBLE CO MERCADO COMÚN

D/D ²				NIF	
ACTUANDO EN NOME E REPRESENTACIÓN DE					
DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:					
<input type="checkbox"/> Que como solicitante de subvención nas liñas de reforzamento e/ou formación, a dita entidade: - Non está suxeito a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión que tivese declarado unha axuda ilegal e incompatible co mercado común ¹ . - Non ten a consideración de empresa en crise ² .					
<input type="checkbox"/> Que como solicitante de subvención na liña de constitución: - Non ten a consideración de empresa en crise ² .					
E, para que así conste, asino esta declaración responsable no lugar e data indicados abaixo.					
, de de 2011					
<i>(sinatura e selo da entidade)</i>					

¹ En virtude da aplicación do punto 6 a) do artigo 1º do Regulamento xeral de exención por categorías.

² Para estes efectos, o beneficiario terá a consideración de empresa en crise se cumpre as condicións establecidas no número 7 do artigo 1º do Regulamento xeral de exención por categorías.

ANEXO VIII

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS, AMPARADAS POLA CLÁUSULA DE MINIMIS, OBTIDAS OU SOLICITADAS NOS ÚLTIMOS TRES ANOS

D/Dª	NIF			
ACTUANDO EN NOME E REPRESENTACIÓN DE				
DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:				
Que, nos últimos tres anos, a entidade				
<input type="checkbox"/> Non solicitou outras axudas, amparadas pola cláusula <i>de minimis</i> .				
<input type="checkbox"/> Solicitou e/ou obtivo as axudas, amparadas pola cláusula <i>de minimis</i> , que se relacionan a seguir:				
Axudas	Organismo	Ano	Importe (€)	Disposición reguladora
Concedidas		□		
		□		
		□		
		□		
Solicitadas		□		
		□		
		□		
		□		

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas, amparadas pola cláusula *de minimis*, solicite ou obteña doutras administracións ou de calquera dos seus organismos, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

E, para que así conste, asino esta declaración responsable no lugar e data indicados abaixo.

_____, de _____ de 2011

(Sinatura e selo da entidade)

ANEXO IX

DECLARACIÓN DE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS POR PARTE DAS PEMES QUE COLABOREN CO CLÚSTER NAS ACTUACIÓNS DA LIÑA DE REFORZAMENTO

D/Dª	NIF
ACTUANDO EN NOME E REPRESENTACIÓN DE	
DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:	
Que en relación coa actuación da liña de reforzamento titulada	
e consistente en servizos de consultoría dirixidos ao clúster en colaboración con empresas adheridas a el, estas empresas colaboradoras cumpren os seguintes requisitos:	
1. Están adheridas ao clúster que represento.	
2. Teñen categoría de peme (de acordo co disposto no anexo I do Regulamento xeral de exención por categorías).	
E, para que así conste, asino esta declaración responsable no lugar e data indicados abaixo.	
_____, de _____ de 2011	
<i>(Sinatura e selo do clúster)</i>	

ANEXO X

DECLARACIÓN DE COMPROMISO DE UTILIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

D/Dª	<input type="text"/>	NIF	<input type="text"/>
ACTUANDO EN NOME E REPRESENTACIÓN DE			
<input type="text"/>			
DECLARA:			
Que se compromete a utilizar a lingua galega en todas as relacións que manteña coa Administración autonómica como consecuencia do procedemento IN540A (axudas para a mellora da competitividade do tecido empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia mediante o apoio á creación e consolidación dos clústers empresariais galegos) na súa convocatoria para o ano 2011.			
_____, de _____ de 2011			
<i>(Sinatura e selo da entidade)</i>			

ANEXO XI

DECLARACIÓN DE RENUNCIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA

D/Dª	<input type="text"/>	NIF	<input type="text"/>
ACTUANDO EN NOME E REPRESENTACIÓN DE			
<input type="text"/>			
MANIFIESTA:			
Que o día (*) <input type="text"/>			
á entidade <input type="text"/>			
a concesión dunha subvención ao abeiro do procedemento IN540A (axudas para a mellora da competitividade do tecido empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia mediante o apoio á creación e consolidación dos clústers empresariais galegos) na súa convocatoria para o ano 2011, para a actuación ou actuacións <input type="text"/>			
por unha contía de <input type="text"/> euros.			
E DECLARA:			
Que renuncia á subvención concedida, cos efectos que establece a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.			
_____, de _____ de 2011			
<i>(Sinatura e selo da entidade)</i>			

(*) Incluirase o texto "publicouse no Diario Oficial de Galicia" no caso de que as concesións se publiquen nese diario, ou "recibiu a notificación" no caso de que as notificacións daquelas se fagan individualmente